

# NEXOS

A CULTURA  
CONTEMPORÁNEA  
A TRAVÉS DAS LETRAS

## INFO PRÁCTICA

### 1 febreiro:

1914 e a pegada da guerra na cultura occidental

### 8 marzo:

As letras das cancións... son literatura?

### 12 abril:

Octavio Paz, pedra angular das letras mexicanas. No centenario do seu nacemento.

### 10 maio:

Malditos, transgresores, inadaptados... A excentricidade como pauta de creación e vida.

Lugar: Centro de Innovación Cultural (CINC)

Hora: 12:00 horas

Duración: 120 minutos

De balde previa inscrición en [www.cidadedacultura.org](http://www.cidadedacultura.org) (as inscricións abriranse o luns posterior á cada sesión)

## MALDITOS, TRANSGRESORES, INADAPTADOS... A EXCENTRICIDADE COMO PAUTA DE CREACIÓN E VIDA.

10 DE MAIO / 12:00 H.

Segundo os entendidos, o termo malditismo procede do libro de Paul Verlaine “Os poetas malditos”, por vez inspirado no título de Charles Baudelaire “As flores do mal”. A etimoloxía semella clara. E sen embargo non é tan evidente por que o malditismo se logrou estender con tal éxito desde os s. XVIII e XIX, e como esa estética ou mito romántico chega fresco a día de hoxe. Moitos artistas do século XX encaixaron nesa estirpe de seres escuros, malogrados, incomprendidos, devotos dos camiños do exceso e con escaso apego á saúde. En particular, atopamos un filón nos mártires do rock, de Janis Joplin a Kurt Cobain, de Sid Vicious a Amy Winehouse. Vidas tráxicas e bohémias coas que se podería debuxar un santoral negativo.

**12:00 | Relatorio: Félix de Azúa.** Catedrático en Estética e Teoría das Artes, é un dos ensaístas máis lúcidos da actualidade, particularmente destro co estilete do sarcasmo. Como poeta formou parte, xunto con Pere Gimferrer, do grupo dos nove novísimos poetas españois. No apartado da

narrativa foi galardoado co Premio Herralde de Novela, e no do xornalismo co Premio César González Ruano. É un consumado experto en arte europeo do século XIX.

**12:45 | Exposición complementar: Bieito Iglesias.** Profesor, tradutor e xornalista, é autor de novelas e relatos fundamentais no último decenio, galardoados, entre outros, co Premio García Barros, o Premio da Crítica ou o Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil. Foi distinguido co Premio Roberto Blanco Torres, e co premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega pola súa traxectoria no xornalismo cultural.

**13:15 | Performance poética: Maite Dono.** Poeta, cantante e actriz. Recibiu o Premio Esquíu de Poesía por “Desilencios” (2003), e o Premio Internacional Libros del Egoísta por “Manta de Sombra” (1996). A súa foi definida como “unha poesía excéntrica para tempos convulsos”. Nesta sesión presentará unha peza na que mestura texto e son de maneira improvisada.



NEXOS

CINC  
CIDADE DA  
CULTURA

FEB-MAI  
2014

## NEXOS INFANTIL



NEXOS

CINC  
CIDADE DA  
CULTURA

FEB-MAI  
2014

Nexos 2014 volverá prestar especial atención aos máis pequenos, aos que introducirá na relación entre a literatura e os diferentes aspectos da vida que se inclúen no ciclo, transmitindo a idea de que a través dos libros e da expresión artística podemos entender a realidade, transformala e melloralas.

Dirixida a nenos de Primaria –de 5-6 a 11-12 anos-, cada sesión artellarase baixo a fórmula:

**Ler** | Pequena aproximación aos libros relacionados coa sesión a través dunha lectura conxunta dunha ou varias das obras, un contacontos ou unha actividade musical.

**Facer** | A diversión tamén está asegurada a través de actividades lúdicas e didácticas na que os nenos participarán de forma activa. Cada sesión será única, con actividades que van desde técnicas de escritura automática e creación de murais a xogos de dramatización coa posibilidade de caracterización de maquillaxe e vestuario, xogos nos que a música e o ritmo sexan protagonistas ou xincanas coas que agudizar os sentidos e resolver enigmas.

**Falar** | Como peche a estas dúas horas de actividades, extraeranse unha serie de conclusións e propiciarase o debate e o intercambio de ideas no ámbito familiar.

GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA



# NEXOS

A CULTURA  
CONTEMPORÁNEA  
A TRAVÉS  
DAS LETRAS



CIDADEDACULTURA.ORG

# NEXOS

## A CULTURA CONTEMPORÁNEA A TRAVÉS DAS LETRAS

Vivimos en sociedades complexas, plurais e en constante cambio. A cultura contemporánea é a cada paso máis mestiza. Para comprender as claves e tendencias de hoxe precisamos dunha visión panorámica que supere as vellas fronteiras do saber, conxugando a un tempo os enfoques científico e humanístico.

O ciclo NEXOS volve neste 2014 proponendo un diálogo entre a literatura e outras áreas de coñecemento, sexan a ciencia, as artes, o pensamento ou a sociedade. Ao longo de catro sesións abordaranse temas de actualidade ou inmemoriais, pero sempre tomando como fío condutor o eido literario para a continuación abrimos a unha conversa fluída con outras disciplinas.

Herdeiro do “Galicia, Ceo das Letras”, e coordinado por Marcos Lorenzo, o ciclo combinará relatorios, retruques

e actuacións artísticas, achegándonos reflexións estimulantes desde un formato ameno e distendido. Para non perder o costume, as mañás dos sábados.

Nesta segunda edición de NEXOS exploraremos a pegada bélica na cultura europea cando se cumpre un século da I Guerra Mundial; preguntáronos se as letras das cancións se poden considerar un xénero literario; renderemos unha homenaxe a Octavio Paz, un dos máximos expoñentes da intelectualidade latinoamericana; e analizaremos a presenza do ‘malditismo’ nas artes.

Catro sesións que actuarán a un tempo sobre o intelecto e os sentidos, excitando a nosa curiosidade e ofrecendo novas perspectivas sobre a realidade que nos toca vivir.

## 1914 E A PEGADA DA GUERRA NA CULTURA OCCIDENTAL

1 DE FEBREIRO / 12:00 H.

En 2014 cúmprense cen anos do inicio da I Guerra Mundial, un conflito bélico dunha dimensión descoñecida até entón e que mudou fundamento o devir de occidente. A súa sombra macabra chegou ate os nosos días a través da Guerra dos Balcáns, onde a memoria segue viva e o pesadelo continúa a torturar ás vítimas. Nesta sesión falaremos da guerra como fenómeno ancestral, constituínte das sociedades modernas e cuxo magma de brutalidade permanece latente. E farémolo da man do coñecemento que nos chega a historia contemporánea, pero tamén recorrendo a inúmeros artistas que deron conta desta temática, de Sófocles a Stanley Kubrick, de Homero a Howard Hawks, por citar só algún exemplo.

**12:00 | Relatorio: Miguel Anxo Murado.** Escritor, xornalista, guionista e realizador de documen-

tais, é un dos autores galegos con maior proxección exterior. Tanto na súa faceta artística como profesional foi receptor de numerosos premios e recoñecementos. Exerceu de correspondente na Guerra dos Balcáns, así como en Xerusalén durante a segunda Intifada. Algúns dos seus libros máis destacados son “Ruído. Relatos de guerra” (Galaxia, 2005) e “Fin de século en Palestina” (Galaxia, 2008). Na actualidade colabora con La Voz de Galicia, Cadena Ser, BBC e The Guardian.

**13:00 | Recital poético: Deborah Vukusic.** A actriz e escritora Deborah Vukusic –metade galega, metade croata– acabará a sesión cunha lectura dramatizada da súa obra “Guerra de identidad”, un poema en constante escrita, que narra a descomposición da Ex Iugoslavia en paralelo á da súa propia familia.



NEXOS

CINC  
CIDADE DA  
CULTURA

FEB-MAI  
2014

## AS LETRAS DAS CANCIÓNS... SON LITERATURA?.

8 DE MARZO / 12:00 H.

Cal é a estraña alquimia que se produce entre unha melodía e un texto? Como danzan xuntas letras e notas? Sabemos que hai músicos que se inspiran en poemas previos. E escritores que busca palabras para que encaixen nun molde musical. Da ópera ao punk, do fado ás marchas marciais, as letras das cancións son poderosas armas de identificación colectiva. Nesta sesión tiraremos do fío dos cantautores, como exemplo didáctico para mellor comprender a relación entre música e literatura. E os nosos relatores analizarán a obra de clásicos como Bob Dylan, Leonard Cohen, Lou Reed, Caetano Veloso, Zeca Afonso, Léo Ferré, Germán Coppini e tantos e tantas mestras da composición. Porque... non era o canto o sentido orixinario da poesía?.

**12:00 | Exposición: Sérgio Godinho.** Autor, compositor, poeta, intérprete... Sérgio Godinho é un dos cantores máis aclamados da historia da música portuguesa. Ao longo dos seus corenta anos de traxectoria editou máis de trinta álbums, polos que obtivo



NEXOS

CINC  
CIDADE DA  
CULTURA

FEB-MAI  
2014

infinidade de premios. A súa inqueda personalidade levouno a participar como actor en filmes, series de tv e teatro. Ten colaborado con músicos como Caetano Veloso, Milton Nascimento, Chico Buarque, Lenine, Teresa Salgueiro e un longo etcétera.

**12:30 | Exposición: Uxía.** Uxía é a nosa meirande cantora, unha virtuosa da composición e figura determinante da escena musical galega. Ao longo da súa vizosa carreira ten acometido proxectos xunto a Amália Rodrigues, María del Mar Bonet, Dulce Pontes, Chico César, Eliseo Parra, Niño Josele e boa parte dos músicos galegos de referencia. A súa traxectoria ten como eixos a renovación da música tradicional, a cuestión da muller, a poesía e o vínculo coa lusofonía. Énotable o seu papel como divulgadora e crítica musical en diferentes medios.

**13:15 | Música: Uxía & Sérgio Godinho.** Os nosos relatores interpretarán un pequeno repertorio de pezas acústicas, tanto en solitario como de forma conxunta.

## OCTAVIO PAZ, PEDRA ANGULAR DAS LETRAS MEXICANAS. NO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO.

12 DE ABRIL / 12:00 H.

No ciclo NEXOS rendemos homenaxe a Octavio Paz, un dos máximos expoñentes da intelectualidade latinoamericana de todos os tempos. Galardoado co Premio Nobel de Literatura en 1990, Paz foi un poeta sublime e xenuíno que transitou por distintas correntes (social, existencial, surrealista) pero sempre dotado dunha enorme fondura metafísica. O seu labor como diplomático levouno a ampliar os seus estudos sobre as culturas orientais (Xapón, India), paixón que cultivaría en traducións e ensaios. Algúns dos seus libros, como “El laberinto de la soledad” ou “El arco y la lira” convertérono desde moi cedo nunha das figuras máis influentes da cultura en México. En 1980 recibiu o Doutoramento Honoris Causa pola Universidade de Harvard, e en 1981 o Premio Cervantes.

**12:00 | Relatorio: Pere Gimferrer.** Poeta, narrador, ensaísta, tradutor e crítico literario, é unha das voces máis anovadoras da poesía e a literatura contemporánea, sexa en

lingua catalá ou castelá. A súa mesta obra mereceu abundantes premios e distincións. É membro da Real Academia Española, da Academia Europea de Poesíe da Reial Acadèmia de Bones Lletres de Barcelona. Autor do ensaio “Lecturas de Octavio Paz”, a quen tratou en vida e cuxo epistolario entre ambos foi publicado no volume “Memorias y palabras” (Seix Barral, 1999).

**12:45 | Exposición complementar: Rafael Martínez Castro.** Político, metafísico e profesor de filosofía. Na actualidade é decano da Facultade de Filosofía da USC.

**13:15 | Proxección audiovisual.** O Centro Galego de Artes da Imaxe presenta un colaxe audiovisual a partir de dous documentos: por unha parte fragmentos dunha célebre entrevista a Octavio Paz; por outra, imaxes do arquivo de Julio Cortázar, no que se mostra o encontro festivo entre ambos escritores en India.



NEXOS

CINC  
CIDADE DA  
CULTURA

FEB-MAI  
2014